



Entrega dos cheques de Comedor

(Año 2010)

O mércores 15 de xuño, en horario de 17:00 a 18:00, procederáse á entrega das axudas que outorga a Xunta de Galicia polo uso do servizo de Comedor ao longo do 2010

A estas axudas teñen dereitos todos os usuarios de Comedor (non madrugadores) que usaran os servizos de comedor ao longo do ano 2010.

Documentación necesaria:

- DNI da persoa que solicitou, por escrito, o servizo de comedor ou,
- Autorización escrita indicando o nome e DNI, tanto da persoa que vai a retirar o cheque, como da persoa que autoriza (solicitante do servizo de comedor)

Asemblea ANPA

fin de curso

O próximo 10 de xuño, ás 19:30, en 2ª convocatoria, váise celebrar a reunión de fin de curso da ANPA Brigantium.

A asemblea está aberta a todas as nais e pais do CEIP Fco. Vales Villamarín, sexan ou non socios da ANPA.

Dende a xunta directiva queremos agradecer por adiantado o compromiso de todos os asistentes.



Tendas con desconto

Este mes sumáronse á iniciativa de facer descontos aos socios da ANPA os seguintes comercios:

Calzados PEPE GRANERO

rúa Travesa, 47

Lencería FREESÍA

rúa Alcalde Beccaría, 7

L.M.G. Decoración y Muebles

rúa dos Ferreiros, 6

Peluquería ONDA

rúa Nova, 33

Armarios BETANZOS

rúa Rosalía de Castro, 12 baixo

Moda METAMORFOSE

rúa Valdoncel, 22

Academia LICEO INTERNACIONAL AGARIMO

rúa Valdoncel, 20

Clínica Dental PARDELLAS

rúa Pérez Salas, 3 Bajo Dcha.

TECNO PC

Pza. Padre Francisco Blanco, 4 baixo

CASA DO QUEIXO

rúa Roldan, 1

VIAMAR PORCELANOSA

Avda. Fraga Iribarne, 56

LARPEIRADAS BABEL

Avda. Jesús García Naveiras, 1

Lembra que o único requisito para acceder ao desconto é identificarse a través do carné de socio

(Consulta os descontos ofertados no blog da ANPA e no taboleiro de anuncio na entrada no colexio)

Consello Escolar

No consello escolar celebrado o martes, 24 de maio, tratáronse os seguintes temas:

- ✓ O equipo directivo do CEIP informou de que o pasado 19 e 20 de maio leváronse a cabo, no colexio, as probas de Avaliación Diagnóstica que nos últimos anos vénselle practicando aos alumnos de 4º de primaria de tódolos colexios do estado español.
As probas pretenden avaliar as competencias matemáticas, lingüísticas e de interacción co medio do alumnado. Os pais e titores tamén participan na avaliación, a través de cuestionarios específicos. Os resultados das probas comunicáronse posteriormente, unha vez analizados todos os datos pola Xunta de Galicia.
- ✓ A dirección do colexio traballa na elaboración dun proxecto para solicitar **seccións bilingües** no colexio. Iso significa poder impartir metade dalgunhas aulas ben en inglés-castelán, ben en inglés-galego, dependendo da materia. Este proxecto terá que ser aprobado polo Consello Escolar antes do 31 de maio.
- ✓ Aprobouse por unanimidade o proxecto ABALAR elaborado pola dirección do CEIP, preceptivo para solicitar a adhesión ao mencionado programa.
- ✓ Informase de que non se presentou ningún candidato/a á Dirección do CEIP, para os próximos 4 anos. Asemade, nin o claustro de mestres, nin o Consello Escolar propuxeron ningún candidato/a. Corresponde, entón, á Inspección Educativa nomear (a dedo) quen será o próximo Director/a.

Equipo baloncesto Alevín



Juan, Martín da Lama, José Manuel, Martín Gómez, Roque, Diego Anxo, Pablo Buyo, Pablo Ferrer, Manuel e Pepe

O equipo alevín masculino da ADC, acaba de clasificarse para os 4º de final da Liga da Federación Galega de Baloncesto Minibasket, despois de quedar 1º na liga coruñesa e vir de superar os de 8º de final.

Exhibición fin de curso

Especialmente recomendado para familiares e amigos

O próximo **SÁBADO, 4**
de Xuño,

16:00 Patinaxe
16:30 Atletismo
16:45 Fútbol Sala
17:15 Baloncesto
18:00 Karate
18:15 Baile
18:30 Banda de Música
18:45 Ximnasia
20:00 Remate

Lugar: Pavillón de deportes do colexio.



Ademais, 9º Torneo Interaulas 2011

497 alumnos do Vales Villamarín participarán no Torneo Interaulas que se celebrará no colexio entre o 6 e o 17 de xuño.

A partir do 31 de maio podedes consultar o calendario do torneo no taboleiro da ADC á entrada do colexio.

RECOLLIDA DE LIBROS

en colaboración coa
Cruz Vermella



Cruz Vermella

Se queres doar os libros de texto, que xa non ides a necesitar, podes facelo, depositándoos no Colexio (haberá unha zona habilitada no salón de actos), **entre o 27 e o 30 de xuño**, en horario de mañá. Unha vez pasado este período, a xunta directiva entregarállos á Cruz Vermella para que llos faga chegar aos nenos máis desfavorecidos.

Grazas pola vosa colaboración



Una vez cedidos os terreos por parte do Concello, corresponde á Xunta de Galicia licitar a redacción do proxecto do novo colexio.

Intentando que este trámite se acelere o máis pronto posible, a xunta directiva ven de solicitar unha reunión coa Xefa Territorial da Consellería de Educación, coa intermediación da Alcaldesa de Betanzos, para coñecer de primeira man a situación real do proxecto e insistir na urxencia e importancia desta obra para o noso concello.



ASEMBLEA
fin de curso

venres 10 de xuño
ás 19:30
(2ª convocatoria)

ANPA Brigantium

Búscanos na rede

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

aínda que non sexas socio/a,
ánimate a consultarnos
anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN